



1 Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa a celebración do Día Internacional para a eliminación da violencia contra a Muller.

EXOPOSICION DE MOTIVOS.

Como sociedade temos que dar un salto cualitativo na loita contra a violencia de xénero. Pero para iso requírense varios factores de importancia. E o primeiro é o crecemento na conciencia social de que isto é un problema de todos e de todas, non só das vítimas, e só cando nos empechemos a crer esta máxima poderemos pedirles que denunciem, porque estamos con elas e ao seu lado.

Os veciños e as veciñas son de vital importancia, porque moitas veces son a nosa fonte máis próxima de axuda. Ademais, nos malos tratos son unha testemuña crave, xa que esas veciñas e veciños danse conta do que lle pasa a súa veciña, dos berros que se oen nesa casa e do sufrimento que padecen moitas mulleres.

As vítimas sofren en silencio. Pero os malos tratos non son silenciosos. Os malos tratos vense e escóitanse. E en cada comunidade quen maltrata non pode esconder o que lle fai á súa parella, porque o veciño do lado, ou o do seu bloque, poden presenciar xestos e escenas entrando a parella polo portal da escaleira, ou saíndo, ou, simplemente, cando se profiren os berros nunha discusión. E isto cálanne moitas veces os veciños, porque chegan a pensar que se trata dun problema desa parella no que consideran que non deben entrar, o cal é un craso error. Porque, polo menos, deberían apostar por tentar nalgún momento ofrecer a súa axuda a esa veciña que sofre en silencio, ou, como en moitas ocasións se fai, chamar á policía cando se é consciente dunha agresión.

A Pobra do Caramiñal

2

Asimesmo, En moitos casos, eses veciños e as veciñas son os que están máis preto dunha muller que é maltratada.

Por todo o anterior o Grupo Municipal Popular deste concello solicita ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Instar á Xunta de Galicia a levar a cabo unha campaña informativa sobre a prevención da violencia de xénero no ámbito veciñal, contando coa colaboración e coordinación das Federacións e Asociacións de Veciños/as de Galicia.
2. Instar ao Concello a poñer en marcha iniciativas de prevención da violencia de xénero no ámbito veciñal co obxectivo tratar de xerar a maior sensibilidade con este problema en todos os ámbitos onde a veciñanza poida supoñer unha axuda para as vítimas, é dicir, a través das asociacións veciñais de todo tipo, como das propias comunidades de veciños

Pobra a 18 Novembro de 2017



Manuel Mª Duran Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL**